



MVNB/AAB/aip

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén desenvolvendo ao longo xa de dous cursos, en colaboración co Ministerio de Educación e Ciencia, o Plan PROA (Programa de Reforzo, Orientación e Apoio). O programa pretende potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar do alumnado, mellorar o seu autoconcepto e a súa integración social, e facilitar a continuidade na progresión da acción educativa. A súa finalidade última é contribuír ao incremento da taxa de éxito escolar e á mellora das expectativas do alumnado sobre as súas propias capacidades, o que sen dúbida, vai redundar no beneficio de todo o centro.

As características máis salientables deste Plan son as seguintes:

- Está dirixido ao alumnado de último ciclo de educación primaria e ao de primeiro e segundo curso de educación secundaria obrigatoria de centros públicos.
- Ao mesmo tempo, pretende valorar o esforzo demostrado polos centros públicos en potenciar accións que os dinamicen.
- Estrúctúrase en dúas modalidades: **de acompañamento escolar** (dirixido aos centros de educación primaria e secundaria que imparten a etapa de ESO) e **de apoio e reforzo** (dirixido só aos centros de secundaria que imparten a etapa obrigatoria). Cada modalidade ten unhas características propias, que se describen brevemente a continuación.
- Na actualidade desenvólvese en setenta e seis centros da nosa comunidade, trinta e oito dos cales son centros de educación infantil e primaria ou de educación primaria e outros trinta e oito en centros de educación secundaria.
- O programa terá continuidade no vindeiro curso 2007/08. Os centros educativos que se acolleron ao mesmo permanecerán nel, agás renuncia por causa xustificada. As posibles vacantes resultantes destas renuncias engadiranse á nova oferta deste curso. Amplíase a posibilidade de participación a 81 novos centros, segundo a seguinte relación:
 - 39 centros na modalidade de acompañamento escolar en educación primaria.
 - 21 centros na modalidade de acompañamento escolar en educación secundaria obrigatoria.
 - 21 centros na modalidade de apoio e reforzo en educación secundaria obrigatoria.
- Deste xeito, para o vindeiro curso 2007/08, poderemos contar en total con:
 - 77 centros na modalidade de acompañamento escolar en educación primaria.
 - 40 centros na modalidade de acompañamento escolar en educación secundaria obrigatoria.
 - 40 centros na modalidade de apoio e reforzo en educación secundaria obrigatoria.
- O que fará un total de 157 centros implicados no desenvolvemento deste programa para o vindeiro curso, 77 en educación primaria e 80 en educación secundaria obrigatoria.



Modalidade de acompañamento escolar en centros de educación primaria e secundaria

- É unha acción dirixida ao alumnado que presenta dificultades relacionadas coa ausencia de hábitos de traballo, escaseza de motivación, atraso no proceso de maduración persoal, pobre integración no grupo e no centro, deficiencias de aprendizaxe nas instrumentais básicas e que ten imposibilidade de acompañamento ou apoio no seo familiar (incompatibilidade de horarios e/ou condicións laborais, por exemplo), aínda que a familia amose intención favorable de axuda.
- Pretende reforzar as competencias básicas, mellorar as habilidades e actitudes asociadas á lectura, reforzar a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo, alentar ao estudo incrementando a motivación, propoñer formas de traballo eficaces que melloren a confianza e o autoconcepto, incidir nas expectativas tanto do profesorado como das familias e do mesmo alumnado.
- En cada centro pode haber ata dous grupos de alumnado destas características. A selección do alumnado realizaraa o equipo docente baixo a coordinación da xefatura de estudos, co asesoramento do xefe ou xefa do departamento de orientación do centro. Para non inducir a erros innecesarios debe quedar moi claro que se trata dun programa pensado para dar resposta ás dificultades de aprendizaxe contempladas no parágrafo anterior, de tal xeito que este alumnado sexa quen de acadar unha avaliación positiva e, polo tanto, non debe ser entendido como un recurso máis para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Maila que a selección a realice o equipo docente nas condicións antes sinaladas, para a eficacia do proxecto é fundamental o liderado activo do equipo directivo e a súa implicación manifesta diante da comunidade educativa.
- Cada grupo estará ao cargo dun profesor ou profesora contratado/a, que realizará o acompañamento fóra do horario lectivo do centro, dous días na semana, en módulos de dúas horas, agás os centros da primeira convocatoria que contaran para o desenvolvemento do programa co profesorado do centro que manterán as mesmas condicións e o mesmo complemento retributivo.
- Un profesor ou profesora do centro desenvolverá labores de **coordinación** entre as partes: profesorado titor, alumnado, familias... Recibirá tamén un complemento económico.
- As familias deben dar o seu consentimento por escrito á participación dos seus fillos e fillas no programa considerando que a súa asistencia é, dalgunha maneira, un compromiso de continuidade. Así mesmo, deben comprometerse no apoio e motivación ás actividades que se desenvolven no programa durante a duración do mesmo.



Modalidade de apoio en centros de educación secundaria

- Esta modalidade vai dirixida a optimizar o funcionamento e os resultados dos centros no seu conxunto, mellorando os resultados educativos tanto na cantidade como na calidade das aprendizaxes, así como na integración escolar do alumnado. Do mesmo xeito que nos programas de acompañamento o fin último e mellorar a taxa de éxito escolar.
- Funciona en base a programas dirixidos a diferentes ámbitos: alumnado, familias e contorno, con diferentes liñas de traballo, que se detallan a continuación. Os centros que se incorporen por primeira vez deberán escoller dúas liñas de traballo de entre as que se ofertan no ámbito do alumnado, e unha liña en cada un dos restantes:
 - Liñas de traballo dentro do ámbito de atención ao alumnado (a escoller dúas):
 - Facilitar a transición da educación primaria á educación secundaria.
 - Reforzo educativo complementario.
 - Bibliotecas escolares.
 - Convivencia escolar.
 - Liñas de traballo dentro de o ámbito de intervención coas familias (a escoller unha):
 - Colaboración entre as familias do alumnado e o centro educativo.
 - Mediadores socioeducativos.
 - Liñas de traballo dentro do ámbito de relación co seu contorno (a escoller unha):
 - Actividades extraescolares.
 - Absentismo escolar.

Máis información sobre os programas e o seu contido poden solicitarse no correo electrónico xsoie@edu.xunta.es. Ou consultando a páxina do Portal educativo en <http://www.edu.xunta.es/> entrando en **profesorado** e unha vez aquí en **convocatorias**.

Os centros, tanto de educación primaria como de educación secundaria, unha vez seleccionados en calquera das categorías, deberán elaborar un proxecto no que se recollan basicamente as estratexias de actuación a levar a cabo (necesidades, obxectivos, recursos, planificación das actividades, horarios...)

Os centros reciben unha dotación económica para o desenvolvemento do programa ao que se adscriben.

Para participar en calquera das dúas modalidades do Plan, os centros educativos interesados deberán presentar a solicitude de acollemento ao mesmo, prestando especial atención aos datos do alumnado que se solicitan e indicando a modalidade escollida, xunto coas



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación
Educativa

Edif. Adm. San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 – Santiago de Compostela
Tlf.: 981546557 Fax: 981546542


certificacións da secretaría do centro conforme o claustro e o Consello Escolar do mesmo aproban a incorporación ao antedito Plan.

O prazo de presentación de solicitude remata o día 20 de xuño. A documentación será remitida á inspección educativa, quen, tralo seu visto e praxe, procederá a remitila a esta dirección xeral.

Na segunda quincena do mes de xullo publicaranse as listas de centros preseleccionados no portal educativo. Así mesmo, na primeira semana do mes de setembro, os centros seleccionados recibirán novas instrucións. Para máis información, poden dirixir as súas consultas ao correo electrónico xsoie@edu.xunta.es.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2006

A SUBDIRECTORA XERAL DE ORDENACIÓN EDUCATIVA



María Victoria Navaza Blanco

SR./SRA. DIRECTOR/A DE CENTRO



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación
Educativa

Edif. Adm. San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 – Santiago de Compostela
Tlf.: 981546557 Fax: 981546542

ANEXO I
Solicitud de participación PLAN PROA
MODALIDADE ACOMPAÑAMENTO ESCOLAR

- ☐ Educación Primaria
☐ Educación Secundaria

Datos do centro

Denominación		Código	
Enderezo		Localidade	
Correo Electrónico		Teléfono	Fax
Aprobación do Claustro SI/NON Aprobación do Consello Escolar SI/NON	Total unidades do centro	Nº alumnado do centro	Nº Profesorado do centro

Características do alumnado

Nivel	Alumnado con problemas de aprendizaxe (*)						
	Nº Unidades	Nº alumnos/as	A. repetidor	A. con materias instrumentais pendentes	A. con materias non instrumentais pendentes	A. con desvantaxe sociocultural	A. de integración tardía ou escolarización irregular
5º EP							
6º EP							
1º ESO							
2º ESO							

(*) Alumnado con problemas de aprendizaxe derivados de: Ausencia de hábitos de traballo, escaseza de motivación, atraso no proceso de maduración, pobre integración no grupo e no centro, deficiencias de aprendizaxe nas instrumentais básicas, imposibilidade de acompañamento ou apoio no seo familiar pero con intención favorable...

Breve análise do contorno e xustificación da solicitude:

D/Dª como Director/a do Centro

Solicita a incorporación ao Programa de Reforzo, Orientación e Apoio (Plan PROA)

En, a de de 2007

O/A Director/a

Asdo:

Informe de Inspección:

Vº e Prace do/a Inspector/a do Centro. Asdo:.....

Sra. DIRECTORA XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

**XUNTA DE GALICIA****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**Dirección Xeral de Ordenación e Innovación
EducativaEdif. Adm. San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 – Santiago de Compostela
Tlf.: 981546557 Fax: 981546542**ANEXO II**
Solicitud de participación PLAN PROA
MODALIDADE APOIO ESCOLAR☐ **Educación Secundaria****Datos do centro**

Denominación		Código	
Enderezo		Localidade	
Correo Electrónico		Teléfono	Fax
Aprobación do Claustro SI/NON Aprobación do Consello Escolar SI/NON	Total unidades do centro	Nº alumnado do centro	Nº Profesorado do centro

Características do alumnado**Alumnado con problemas de aprendizaxe (*)**

	Unidades	Nº alumnos/as	A. repetidor	A. con materias instrumentais pendentes	A. con materias non instrumentais pendentes	A. con desvantaxe sociocultural	A. de integración tardía ou escolarización irregular
5º EP							
6º EP							
1º ESO							
2º ESO							

(*) Alumnado con problemas de aprendizaxe derivados de: Ausencia de hábitos de traballo, escaseza de motivación, atraso no proceso de maduración, pobre integración no grupo e no centro, deficiencias de aprendizaxe nas instrumentais básicas, imposibilidade de acompañamento ou apoio no seo familiar pero con intención favorable...

Liñas de actuación seleccionadas polo centro

I.- Funcionamento do centro e atención directa ao alumnado (escoller dúas)	Transición da educación primaria á educación secundaria	
	Reforzo educativo complementario	
	Biblioteca escolar	
	Convivencia escolar	
II.- Intervención coas familias (escoller unha)	Colaboración entre familias e centro educativo	
	Mediadores socioeducativos	
III.- Relación co contorno (escoller unha)	Actividades extraescolares	
	Absentismo escolar	

Breve análise do contorno e xustificación da solicitude:

D/Dª como Director/a do Centro

Solicita a incorporación ao Programa de Reforzo, Orientación e Apoio (Plan PROA)

En, a de de 2007

O/A Director/a

Asdo:

Informe de Inspección:

Vº e Prace do/a Inspector/a do Centro. Asdo:

Sra. DIRECTORA XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA